

A CIG-Ensino chama á Consellaría a abandonar a unilateralidade na reforma da ESO e o Bacharelato

O sindicato recolle nestes días numerosas queixas de profesorado pola improvisación e os cambios curriculares anunciados



O conselleiro de Educación, seguindo fielmente o libro de estilo do PP, leva facendo de oposición do Ministerio de Educación desde que tomou posesión do cargo. Tamén agora coa aplicación dos novos currículos derivados da LOMLOE. É ben certo que determinadas actuacións do Goberno pónenllo moi doado.

En relación cos cambios curriculares para as etapas educativas afectadas polas novidades da LOMLOE (Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato), unha das afirmacións do conselleiro foi a de facer valer o suposto rigor da Consellaría fronte á lentitude ministerial (afirmando que tiñan todo preparado para cando o Ministerio publicase os Reais Decretos). Porén, nestes momentos vén de evidenciar un alto grao de improvisación ou de desidia que como docentes nos preocupa.

Prazos e incertezas

Os currículos de Infantil e Primaria xa foron revisados na Mesa Sectorial, quedando pendente agora o trámite do Consello Escolar no caso de Primaria, previsto para finais de maio, o que

implica que deben estar publicados en xuño. Mais os principais cambios céntrase na educación secundaria, obrigatoria e postobrigatoria; de aí que sexa onde é máis importante coñecer cales son as propostas do goberno galego. O propio conselleiro xa avanzou que dificilmente estarán aprobados os novos decretos das ensinanzas de secundaria, polo que o primeiro que debería ter feito é consensuar co sector, comezando coa representación sindical do profesorado, como vai artellar legalmente a implantación dos novos currículos se non existen textos legais aprobados. Nada disto se sabe de momento: tan só se pretendeu “tranquilizar” ás direccións dos centros e ao profesorado para poder ir organizando o curso que vén, algo que dista moito da realidade.

A responsabilidade que debe asumir a Consellaría, en entredito

Neste sentido, a marxe de manobra do goberno galego no que garda relación coa distribución de materias, é moi limitado, centrándose basicamente nas decisións sobre as materias optativas. Chama a atención, por iso, que o conselleiro fíxese pública unha presentación de como será esta distribución na que deixa atrás materias postas en marcha nestes últimos anos, cando só precisarían dunha actualización e ampliación pola ampliación de carga lectiva a catro horas, que se limite a oferta das ensinanzas musicais fóra da modalidade propia do Bacharelato ou que non apareza ningunha referencia ás materias que nos currículos en vigor son de libre configuración dos centros. Medidas todas que son plena competencia da administración galega e nas que non buscou o contraste e consenso antes de dalas a coñecer.

Improvisación? Decisións premeditadas de limitar determinadas ofertas educativas? En todo caso, o que vemos é unilateralidade e imposición. A CIG-Ensino chama ao conselleiro de Educación a rectificar e aclarar todas as dúbidas e temores que creou coa súa presentación pública e advirte de que é precisamente naqueles ámbitos nos que o seu departamento ten plena competencia nos que se están acumulando todos os problemas. O sindicato considera que o momento para poñer en común as intencións da administración galega é antes de presentar o anteproxecto do decreto de currículo,

polo que insta ao responsábel da Consellaría a ter unha reunión coas organizacións sindicais previa á tramitación do documento. Do contrario, estaremos novamente diante dun exemplo da política de feitos consumados e de aplicar cambios de costas ao profesorado e á comunidade educativa.

A relixión, fóra da escola.

A LOMLOE foi unha nova ocasión perdida para vencer a rémora de contar a día de hoxe coa presenza de ensinanzas doutrinarias dentro dos centros educativos. O espazo para o feito relixioso debe estar nos templos e vinculados á esfera persoal e familiar. Isto garantiría realmente ese carácter aconfesional que cita a Constitución e abriría o camiño cara un auténtico ensino laico. A obriga de ofertar a todo o alumnado a materia de Relixión é unha decisión que permanece, dun ou doutro xeito, despois de todas as reformas, sen tocar o concordato co Vaticano, un acordo preconstitucional.

A nova distribución da materia confesional, con todo, vai limitar os efectos perversos provocados pola LOMCE, ao estar incluída xunto con todas as materias específicas, condicionado en moitos casos a elección doutras materias. Agora, coa existencia dunha materia espello non curricular, Relixión xa non provocará que alumnado se vexa na obriga de elixila para poder cursar materias do seu interese, como pasaba con Robótica ou Coeducación para o século XX, o que levou á CIG-Ensino a dar apoio legal a unha demanda que foi desestimada.

ESO

Lingua Galega

Lingua Galega perde unha hora en 1º da ESO, pasando de 4 a 3 horas. Isto só pode empeorar a situación actual de perda de competencia lingüística dunha parte relevante do noso alumnado: un de cada catro mozos e mozas de 15 anos afirman non ser capaces de se expresaren correctamente no noso idioma. A CIG-Ensino considera que, de non se remover este cambio, debe crearse unha materia de libre disposición do centro que puidese denominarse Obradoiro de Comunicación e que se centre en reforzar a competencia oral e comunicativa da lingua propia do país, especialmente naqueles ámbitos onde as carencias son maiores.

Tecnoloxía

O principal cambio para Tecnoloxía é pasar de ter 2 horas en 3º a contar con 3 horas en 1º da ESO.

Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía

As Matemáticas volven á carga lectiva anterior á LOMCE, con catro horas en todos os cursos, desde as 5 actuais en 1º e 2º da ESO.

A eliminación das dúas alternativas en 3º da ESO, que nalgúns centros provocaba desdobres, tamén fará descender a carga lectiva total do profesorado.

Bioloxía e Xeoloxía tamén perde 1 hora en 1º da ESO

Actuais materias de libre configuración en 1º e 2º da ESO

Non hai a menor información sobre a permanencia ou non de materias actuais que se imparten nos diferentes centros do país. As materias, que figuran agora como “Disposición do centro” e pasarían de 1 a 2 horas á semana. Falamos dun total de 9 materias entre as que se atopan Sociedade Inclusiva, Igualdade de Xénero, Paixase e Sustentabilidade ou Obradoiro de Música. A CIG-EnsinO considera que non se deben eliminar a posibilidade de que os centros poidan seguir ofertando as materias coas que viñan traballando, aínda que é preciso unha adaptación dos currículos polo incremento de carga lectiva.

Aumenta a carga lectiva das materias optativas

Aumenta a súa carga lectiva. Todas as optativas pasan de 2 a 3 horas. Destaca o cambio na distribución destas materias: As 2 anteriores fixadas polo Ministerio (troncais) pasan agora a seren 3, mentres que as anteriores específicas baixan de 2 a 1 (autónomas).

Non figuran optativas actuais en 4º da ESO como Cultura Científica ou Ciencias aplicadas á actividade profesional mentres que hai outras que se adaptarán a unha nova denominación, como Actividade emprendedora ou Artes escénicas e danza.

1º BACHARELATO

Educación física

Aumenta unha hora a Educación Física, pasando a 3 horas.

Modalidade de artes

Hai novas materias e adaptación doutras nas modalidades de Artes.

Materias optativas

Os principais cambios danse nas materias optativas, ámbito competencial da Consellaría, todas cunha carga horaria de 4 sesións.

- Todas as materias optativas amplían horario, pasando de 2 ou 3 a 4 horas.
- Literatura Galega do Sec XX e a Actualidade pasa de 2º a 1º.
- Non hai ningunha referencia a materias recentemente implantadas como Coeducación para o século XXI, Literaturas Hispánicas ou Robótica (todas de 2 horas)
- Desaparece a oferta de materias optativas propias da modalidade de Artes como Historia do Mundo Contemporáneo ou Literatura Universal (ambas de 4 horas)



2º BACHARELATO

Historia da Filosofía

Perde 1 hora sobre a carga lectiva actual, mais pasa de impartirse con carácter obrigatorio só en Humanidades a estar presente en todas as modalidades.

A modalidade xeral

A modalidade xeral, principal novidade xunto coa segregación en dúas modalidades de Artes, vai ter unha implantación moi reducida segundo información da propia Consellaría. Incorpora materias novas como Ciencias Xerais ou Movements Culturais e Artísticos. A Consellaría deberá determinar a atribución destas materias ás diferentes especialidades docentes.

Materias de libre configuración do centro

Desparece a posibilidade de ofertar materias de libre configuración do centro.

Eliminar optativas

A Consellaría pretendería tamén eliminar optativas como Ciencias da Terra e o Medio Ambiente, Fundamentos de Administración e Xestión, Imaxe e Son ou Electrotécnica (todas actualmente de 3 horas).

De Patrimonio e Sociedade de Galiza a Xeografía, Historia e Arte de Galiza

Cando o lóxico e normal sería que unha materia como esta fose obrigatoria para todo o alumnado nalgún dos cursos do Bacharelato, o

que atopamos é unha proposta da Consellaría na que pecha a porta á continuidade da materia optativa de Xeografía e Historia de Galiza, algo que para a CIG-Ensino é impresentábel. Segundo informacións xornalísticas a Consellaría tería afirmando que se trata dun erro e que as actuais materias que se crearon á partir da optativa de Xeografía, Historia e Arte de Galiza se fusionarían novamente. Agardemos que esta rectificación se confirme e que, operando con sentido común se evite un novo ataque ao xa limitado coñecemento da nosa realidade histórica, social e cultural.

A modalidade xeral é a principal novidade

A ensinanza musical, desprezada.

A materia de Música desaparece de todas as modalidades diferentes á propia de Música e Artes Escénicas, pechando a posibilidade de ofertala como optativa en todos os centros agás nos poucos nos que a Xunta autorice o Bacharelato Xeral, unha decisión que a CIG-Ensino rexeita frontalmente, ao considerar que se debe favorecer a oferta como optativa tanto en 1º como en 2º de Bacharelato en todos os centros e modalidades.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal